

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE AGOSTO DE 2012

LICENZAS

OUTRAS OBRAS

LIC/465/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE CHOUPANA, 22.- Instalación de ascensor na rúa da Choupana, 22.

LIC/1106/2012.- ADELANTIA 2011,SL.- Adecuación de local para oficinas na Avda. de Barcelona.

4.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das listas provisionais de admitidos e listas de agarda da escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2012-2013.

Apróbanse as devanditas listas, que estarán expostas no taboleiro xeral do Concello, no Departamento de Educación e nas Escolas Municipais. Así mesmo, acórdase solicitar á Consellería de Traballo a reconversión dunha aula de 2-3 anos (con prazas vacantes) nunha de 1-2 anos para así atender a alta demanda neste rango de idade.

5.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do convenio do prácticum da Facultade de Ciencias da Educación da USC, adaptado ao espazo Europeo de Educación Superior.

Apróbase o convenio, grazas ao cal alumnado da devandita Facultade poderá realizar prácticas en programas, proxectos, actividades e servizos do Concello de Santiago.

URXENCIAS

1- Dáse conta da concesión de tres subvencións da Consellería de Traballo e Benestar para a execución de diversas accións formativas para persoas traballadoras desempregadas. O total da subvención é de 243.859,38 euros, distribuídos nas seguintes accións: 92.913,22 para Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas; 74.562,94 para Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica; e 76.383,22 euros para Xestión contable e xestión administrativa para auditoría.

2.- Concédense dúas licenzas de obras.

3.- Apróbase inicialmente o proxecto de reparcelación do parque empresarial da Sionlla.

4.- Modifícase o importe dos orzamentos para MAPIS, redistribuíndo algunhas cantidades nos diferentes conceptos destas axudas.

5.- Apróbase a contratación do programa municipal Reforzo Educativo e Educación de Adultos para persoas con necesidades educativas no ano 2012, dentro do Programa Municipal de Intervención Sociocomunitaria. Destínase ao mesmo 11.271,60 euros, que permitirán contratar un mestre diplomado en Maxisterio na especialidade de Educación Primaria.